

REGULAMENTO LICENZAS 2025



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da Federación Galega de Balonmán, xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, ao que se refire o artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

2.- O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da Federación Galega de Balonmán e ás persoas integradas na mesma.

3.- Esta norma ten por obxecto a regulación das licenzas da Federación Galega de Balonmán.

4.- *Esta norma estará en vigor desde a tempada 25/26 inclusive, en tanto non sexa modificada ou derrogada por outra posterior.*

Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas.

1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros rexistrados da Federación Galega de Balonmán a través dos distintos estamentos.

2.- A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos:

ESTATUTOS - ARTIGO 10

1. Tódolos membros da Federación Galega de Balonmán teñen dereito a:

- Participar nas actividades da Federación, así como nos seus órganos de goberno e representación.
- Exercicio dereito ó voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo co disposto nos presentes Estatutos.
- Ser informados acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Federación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- Seren oídos con anterioridade á adopción de medidas disciplinarias acordadas contra eles, e a seren informados dos feitos que motivan tales medidas, debendo de ser motivado o acordo polo que, no seu caso, se lles impoñan sancións.
- A impugnalos acordos dos órganos da Federación que entenda contrarios á Lei ou ós Estatutos.
- Recibir tutela da Federación con respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais.

2. Por outra banda, os membros da Federación Galega de Balonmán teñen os seguintes deberes:

- Compartir as finalidades da Federación, e traballar na súa consecución.
- Acatar e cumprilos acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Federación, sen que iso obste no seu dereito de recorrer ante as instancias federativas competentes, e se é no caso, ante os tribunais de xustiza ou Secretaría Xeral para o Deporte, segundo proceda, aqueles que consideren contrarios a dereito, e sen prexuízo de acudir á conciliación extraxudicial ou arbitraje nos termos previstos nas leis.

Cumprilo resto das obrigas que se deriven das disposicións estatutarias.

3.- Para a participación en actividades ou competicións oficiais da Federación Galega de Balonmán precísase estar en posesión de licenza federativa expedida por esta.

4.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola Federación Galega de Balonmán habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Real Federación Española de Balonmano.

Artigo 3.- Clases de licenzas polo seu obxecto.

No seo da Federación Galega de Balonmán existirán as seguintes licenzas en función do seu obxecto:

- Licenzas de carácter competitivo: son as que habilitan para participar en competicións oficiais da Federación Galega de Balonmán.

Artigo 4.- Clases de licenzas por estamentos.

1.- As licenzas federativas poderán corresponder aos seguintes estamentos:

- a) Entidades deportivas.
- b) Deportistas.
- c) Adestradores-técnicos.
- d) Xuíces-árbitros.

2.- Sen prexuízo do disposto no artigo seguinte, as incompatibilidades estarán reguladas pola Normativa, Regulamentación e Bases de Galicia (NOREBA-GA).

Artigo 5.- Prohibicións e incompatibilidades.

1.- Non poderá expedirse licenza a favor de quen estea cumprindo calquera sanción disciplinaria ou penal que carrexe a privación de licenza, ou inhabilitación para o desempeño das actividades que permita a licenza solicitada, así como aos sancionados por dopaxe en virtude do disposto pola súa lexislación específica. Os sancionados con suspensión de licenza poderán renovar ou obter nova licenza en calquera momento, sen prexuízo de non poder desenvolver as actividades en cuestión ata o total cumprimento da sanción correspondente.

Artigo 6.- Estranxeiros.

1.- Poderán obter licenza de carácter competitivo os residentes comunitarios e os estranxeiros non comunitarios con residencia legal en España.

2.- Tratándose de menores de idade, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que en cada momento poida establecer a Federación Internacional de Balonmán para a protección dos menores, para obter licenza bastará coa acreditación do seu

empadramento nun municipio do Estado e achegar a documentación esixida no NOREBA-GA, segundo o estamento correspondente.

Artigo 7.- Duración.

1.- As licenzas expirarán coa finalización da tempada deportiva da modalidade ou especialidade para a que foron expedidas, é dicir, o 30 de xuño seguinte a súa expedición no caso da modalidade de pista, e o 20 de agosto, na modalidade de balonmán praia.

Artigo 8.- Licenzas de deportistas.

1.- Adscripción: os deportistas dispoñerán de licenza vinculada a unha entidade deportiva, serán as entidades as que tramiten as licenzas coa Federación.

2.- Os deportistas poderán cambiar de club durante a tempada sempre e cando se cumplan os requisitos establecidos no NOREBA-GA.

NOREBAGA
ARTIGO 24 ALIÑACIÓN DE XOGADORES

a)(...)

- *Que non teñan licenza ou a tivesen na mesma tempada como adestrador, axudante de adestrador (excepto os xogadores/as sénior, con título de adestrador que estean autorizados para dirixir a un equipo do deporte de base ou xuvenil), oficial do equipo, auxiliar de equipo ou directivo, salvo que se trate dun mesmo Club. Neste caso tería que causar baixa como tal adestrador, etc., para tramitar licenza de xogador. Igualmente, un xogador podería causar baixa nun equipo e tramitar licenza de adestrador, axudante, oficial, etc., nese equipo ou noutro do seu mesmo club, respectando os requisitos que en cada caso corresponda.*

Os "Oficiais de equipo" quedan autorizados a tramitar licenza de xogador para a categoría de veteranos.

b) Só se extenderá unha licenza por tempada e xogador/a, exceptuando os casos que aparecen reflectidos nos Artigos 32 e seguintes do Regulamento de Partidos e Competicións da R.F.E.BM.

c) O xogador que, tendo licenza por un equipo, non fose aliñado en ningún encontro durante toda a tempada oficial, poderá dilixenciar nova licenza con outro equipo, aínda que sexa da mesma Categoría, sempre e cando cumpra todos os requisitos establecidos para a tramitación da solicitude de baixas e de licenzas.

d) Cando exista acordo entre o club e un xogador/a para asinar a baixa federativa, se este/a foi aliñado/a co equipo de orixe; poderá tramitar a alta noutro club sempre e cando o equipo no que vai a participar xogue noutra competición diferente á do club de orixe. O prazo para realizar estes cambios finalizará o 31 de decembro da tempada. Autorízase a todos os Clubs a tres (3) cambios, unha vez tramitada a baixa federativa, sempre dentro do prazo de fichaxes establecidas para cada Competición e teñan a cota de fichas cuberto. Cando se terminen os prazos de tramitación non se poderá facer ningún cambio. Para os cambios de xogadores sénior deberase ter cuberto a cota de xogadores en idade sénior e para o resto de categorías a cota total de fichaxes.

(...)

3.- As licenzas de deportistas divídense nas seguintes categorías de idade:

As existentes na modalidade:

- a) Prebenxamín: ata os 8 anos.
- b) Benxamín: entre os 9 e os 10 anos.
- c) Alevín: entre os 11 ós 12 anos.
- d) Infantil: entre os 13 e 14 anos.
- e) Cadete: entre os 15 e 16 anos.
- f) Xuvenil: entre os 17 e 18 anos.
- g) Sénior/Absoluto: a partir dos 19 anos.
- h) Veteranas/os: a partir dos 33 anos para feminino e a partir dos 35 anos para masculino.

4.- A duración da licenza de deportista é a establecida no artigo 7.2 deste regulamento.

5.- Requisitos esixidos para a obtención de licenza de deportista:

NOREBAGA

ARTIGO 6 TRAMITACIÓN DE LICENZAS COMPETICIÓN TERRITORIAIS

A) XOGADORES E OFICIAIS

- 1. *As licenzas serán tramitadas polos Clubs a través da plataforma web da Federación Galega de Balonmán (Isquad), como mínimo dez (10) días antes da data oficial do comezo do Campionato. Non se admitirá a participación de ningún equipo que non tramite as licenzas coa antelación sinalada.*
- 2. (...)
- 3. (...)
- 4. (...)
- 5. (...).
- 6. *Os xogadores e oficiais deben adscribirse ao seguro deportivo obrigatorio que subscribe a Federación Galega de Balonmán. Os Clubs coidarán de maneira especial o cumprimento dos prazos de carencia do Seguro Deportivo Obrigatorio tanto para os adestramentos coma para as competicións.*
- 7. *Deberán achegar á plataforma Isquad a seguinte documentación:*
 - a) *Fotocopia do DNI, ou pasaporte no caso de estranxeiros, perfectamente lexible de cada unha das persoas para as que se solicita a licenza. Os xogadores/as de categoría alevín, benxamín e prebenxamín que non teñan DNI, deben obrigatoriamente achegar no Isquad, fotocopia do libro de familia para poder autenticar os seus datos.*
 - b) *Certificado médico ou autorización do titor legal (dependendo da categoría).*
 - c) *Autorización da cesión dos dereitos de imaxe (dependendo da categoría).*
 - d) *No caso de xogadores contratados, copia do contrato suscrito entre as partes. No caso de se tratar de xogadores non contratados, certificación acreditativa de que o xogador/a non é contratado/a.*
 - e) *Os xogadores que tiveran licenza fora do territorio nacional, previa á tramitación da licenza nun club galego, deberán solicitar o “transfer” a través da plataforma Isquad na área privada de club.*
 - f) (...)
 - g) *Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.*

Artigo 9.- Licenzas de adestradores-técnicos.

1. Para a tramitación das licenzas de adestradores-técnicos a persoa interesada deberá estar en posesión da titulación correspondente en base as seguintes categorías:

- a) Dende a categoría benxamín ata a cadete: precisarase a titulación de monitor (nivel 1).
- b) Dende a categoría xuvenil ata a sénior autonómica: precisarase a titulación de adestrador territorial (nivel 2).
- c) Categorias nacionais: precisarase a titulación de adestrador nacional (nivel 3).

2. Tratándose de adestradores-técnicos cuxa actividade implique contacto habitual con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, mediante certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais que deberá achegarse á Federación de balonmán xunto coa súa solicitude de licenza.

Artigo 10.- Licenzas de xuíces-árbitros.

As licenzas de xuíces-árbitros requirirán estar en posesión do curso de árbitro/a ou anotador/cronometrador/a.

Artigo 11.- Aseguramento de accidentes deportivos.

1.- A expedición de calquera licenza federativa leva consigo a obriga de subscribir un seguro que garanta a cobertura de indemnización para os supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento, así como a asistencia sanitaria, derivados de accidente deportivo, nos termos establecidos na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O dito seguro será subscrito pola Federación Galega de Balonmán en condición de tomador, sendo o titular da licenza o asegurado.

Artigo 12.- Recoñecemento médico previo.

1.- Para a expedición de licenza de deportista esíxese o sometemento a un recoñecemento médico que determine a inexistencia de contraindicacións para a práctica do balonmán.

2.- O contido mínimo do referido recoñecemento médico previo á tramitación da licenza de deportista deberá recoller:

- Data de expedición.
- Nome e apelidos do médico/a.
- Nome do Colexio de Médicos e número de colexiado/a.
- Nome, apelidos e DNI do deportista.

- Apto ou non apto para a práctica do balonmán.

Artigo 13.- Función de expedición de licenzas.

1.- A Federación Galega de Balonmán, na súa condición de entidade que exerce a función pública delegada de expedición de licenzas, de carácter administrativo, é competente en réxime de exclusividade para expedir e tramitar licenzas federativas de balonmán na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.

2.- A Federación Galega de Balonmán exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou exercicio de substitución sen a autorización da Administración deportiva autonómica.

3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a licenza a canta persoa solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

4.- A Federación Galega de Balonmán informará a calquera persoa interesada sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.

Artigo 14.- Tramitación e emisión de licenzas.

1.- As solicitudes de licenza deberán ser obrigatoriamente formuladas a través da plataforma iSquad polo club ao que se vincule o deportista ou técnico/oficial a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de Balonmán achegando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación. No caso dos árbitros/as e anotadores/cronometradores/as, a solicitude fórmúlaa o propio interesado/a.

2.- O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada iníciase como mínimo con 10 días de antelación ao inicio da Competición e conclúe na data indicada polo NOREBA-GA para cada unha das competicións.

3.- As solicitudes de licenzas presentadas por entidades deportivas deberán selo obrigatoriamente por medios electrónicos, a través da plataforma deportiva iSquad.

4.- As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.

5.- A tramitación das solicitudes compételle ao persoal laboral federativo.

6.- Calquera solicitude que adoecece da falta dalgún requisito emendable, dará lugar ao requirimento ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle ao Departamento de Competicións da FGBm.

8.- As licenzas deberán ser emitidas e postas ao dispor do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivadamente, no prazo máximo dun (1) mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.

9.- O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

10.- Calquera solicitude de licenza entenderase outorgada por silencio positivo, se non se notifica resolución expresa no prazo máximo indicado no apartado oitavo do presente artigo.

11.- Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

Artigo 15.- Licenzas nulas.

1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:

- a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
- b) Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club, excepto nos casos recollidos no NOREBA-GA, nese caso será anulada a licenza máis recente.
- c) No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a Federación estime que non se reúne algún dos requisitos esenciais para obtela, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle á persoa licenciada un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.

2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación que lle compete a Departamento de Competicións da FGBm, deberá garantirse a audiencia da persoa interesada por un período de dez (10) días hábiles.

3.- A resolución anulando ou mantendo a validez da licenza compételle Departamento de Competicións da FGBm e fronte á mesma caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

Artigo 16.- Protección de datos persoais.

1.- A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas, axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal. En particular, estarase ao disposto no artigo 28.6 da lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

2.- A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas.

3.- Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan nesta materia.

Artigo 17.- Importe das licenzas.

1.- O importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Balonmán para cada especialidade, estamento ou categoría, segundo se recolle no Anexo I ao presente regulamento.

2.- No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza.

Artigo 18.- Soporte e contido das licenzas.

1.- As licenzas federativas emitiranse en soporte electrónico.

2.- O formato das licenzas federativas é o recollido no Anexo II do presente regulamento.

3.- No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos que resulten obrigatorios no caso das licenzas que permitan a participación en ámbitos superiores ao autonómico, deberán consignarse claramente, como mínimo, os seguintes datos:

- a) O selo, logotipo e denominación da Federación Galega de Balonmán e da Xunta de Galicia.
- b) Duración da licenza.
- c) Nome e apelidos da persoa titular.
- d) Data de nacemento da persoa titular.
- e) Entidade deportiva á cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza.
- f) Categoría/estamento.

4.- As licenzas que habiliten para a participación en actividades ou competicións de ámbito estatal deberán reflectir polo menos en lingua española os datos correspondentes.

Disposición Final.- Entrada en vigor.

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm. 33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo de tres (3) meses a Administración deportiva autonómica non notificase a correspondente resolución de aprobación.


ANEXO I

IMPORTES DOS DISTINTOS TIPOS DE LICENZAS PARA A TEMPADA 25/26

Actualmente non están definidos os prezos das licenzas.

ANEXO II

MODELO DE FORMATO DE LICENZAS

	FEDERACIÓN TERRITORIAL GALLEGA DE BALONMANO Licencia Federativa de JUGADOR Primera Nacional MASCULINO
Nome e Apelidos	 XUNTA DE GALICIA  DEPORTE GALEGO
Club:	
Equipo:	
DNI/Lic.: FechaNac:	
Expedido: Validez:	
FEDERACIÓN TERRITORIAL GALLEGA DE BALONMANO	

